


LENDAX

- Bacheo e conservación do firme
- Asfaltado e recollida de augas
- Ancheado e Asfaltado
- Calmado de tráfico
- Lombos
- Preferencia peonil
- Direccións propostas
- Ampliación de radio de curvatura
- Paso de peóns

- P01 Camiño de Pontecabras
- P02 O Empalme
- P03 A Devesa(Lampreira)
- P04 Guxilde
- SV01 A Devesa



ESTADO ACTUAL.

A maioría de km de viais dos que é titular o Concello de pontevedra están localizados no rural, estando sometidos a un proceso de deterioro maior que se se atopasen na zona urbana. A súa conservación é fundamental para manter certo nivel de seguranza viaria e facilitar a comunicación entre os lugares da parroquia. En referencia á seguranza a presenza de automóviles é constante nas vías rurais, pois facilitan a intercomunicación e a mobilidade das persoas, especialmente se viven en hábitats dispersos como as nosas parroquias. Actualmente automóviles e peóns comparten as vías públicas existentes, se ben a normativa de tráfico non é demasiado clara en canto ás velocidades.

PROPOSTA.

Segundo o estado de deterioro das pistas, levaranse a cabo traballos de recollida de pluviais, bacheo e mellora do firme ou intervencións mais completas que incluírían o anqueo da estrada, a substitución do asfalto e a colocación de sumideiros para a condución das augas pluviais. A execución destas actuacións mais completas responderá ás necesidades de uso dependendo da intensidade de circulación. Os plans de calmado do tráfico consistirán en equiparar os niveis de seguranza viaria cos que existen na cidade, onde a velocidade máxima está limitada a 30 km/h e son frecuentes os badéns limitadores da velocidade, que actúan como barreiras físicas imprescindibles para obrigar aos automobilistas a respectar os límites normativos